

RESOLUCIÓN SOBRE SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente núm.: PR100A_2021/034

Procedemento: Acceso á información pública

Interesado: Plataforma en defensa del sector marítimo pesquero de Galicia

Data de inicio: 13/12/2021

ANTECEDENTES

1.- O día 13 de decembro de 2021 recepcionouse na Secretaría Xeral da Presidencia unha solicitude de información pública presentada por D. Miguel Ángel Delgado González, en representación da Plataforma en defensa del sector marítimo pesquero de Galicia, ó abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que quedou rexistrada co número 2021/2291159.

A partir da data mencionada comeza a contar o prazo dun mes para a súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

2.- O obxecto da solicitude é a seguinte:

"Informes DE ANTICIPOS Y CAJA FIJA DE LOS AÑOS 2017, 2018, 2019, 2020, 2021 que incluyan, ordenada y separadamente, los siguientes apartados:

a) Descripción detallada del gasto, con inclusión de todos los datos necesarios para su identificación, haciendo constar, al menos, los siguientes extremos:

Organo gestor.

Objeto del gasto.

Importe.

Naturaleza jurídica (tipo de contrato, subvención, convenio, etc.)

Fecha de realización.

INFORME DE INCIDENCIAS Y GASTOS NO JUSTIFICADOS,

Concepto presupuestario y ejercicio económico al que se imputa".

SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA

Complexo Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 283/284 F. +34 981 941 293
secretariaxeral.presidencia@xunta.gal



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

De acordo co previsto nos artigos 12 e 13 da Lei 19/2003, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española, entendendo por información pública: os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder de algún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación do título I da dita lei e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

-II-

Neste caso en particular, procede admitir a súa solicitude, e considerando que no ámbito da Presidencia da Xunta de Galicia non está establecido o sistema de anticipo de caixa fixa, non existe ningunha información que trasladar.

-III-

Non obstante, en aras de que o solicitante poda obter información sobre os gastos das distintas unidades da Xunta de Galicia, compre sinalar que todos os gastos se corresponden coa aplicación das partidas autorizadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, publicados no seguinte enlace:

<https://www.conselleriadefacenda.es/es/areas-tematicas/orzamentos/orzamentos>

-IV-

Finalmente, sinalar que no seu escrito de solicitude advírtense múltiples erros derivados de cortar e pegar parágrafos de outros documentos sen relación coa solicitude que se realiza. A título de exemplo, a solicitude fai mención a un informe do Tribunal de Cuentas no que constaría presuntamente (segundo indica o solicitante) que *"sobre las cuentas de la Xunta de Galicia del año 2020, de lo analizado se incluyeron 270 facturas por importe conjunto de 90.706,30 euros para las que no se dispuso de crédito en el ejercicio en el que se generaron..."*. Porén, a dita frase se recolle nun informe do Tribunal de Cuentas (informe número 1.145), pero que non se refire ás Comunidades Autónomas, se non á "FISCALIZACIÓN DE LOS EXPEDIENTES DE RECONOCIMIENTOS EXTRAJUDICIALES DE CRÉDITO APROBADOS POR LAS ENTIDADES LOCALES EN EL EJERCICIO 2018".

En concreto, a frase da que se extrae o texto polo solicitante é a seguinte: *"En el REC analizado se incluyeron 270 facturas por importe conjunto de*

SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA

Complexo Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 283/284 F. +34 981 941 293
secretariaxeral.presidencia@xunta.gal



*90.706,30 euros para las que no se dispuso de crédito en el ejercicio en el que se generaron...". Esta frase e os catro parágrafos que o solicitante reproduce a continuación son copia literal de parágrafos incluídos nas páxinas 45 e 46 do dito informe, **que se refiren ó concello de ALCÁZAR DE SAN JUAN (CIUDAD REAL).***

RESOLUCIÓN

Unha vez analizada a súa solicitude, RESOLVO admitir a mesma e comunicar que non existe información que trasladar ao non estar establecido o sistema de anticipo caixa fixa no ámbito da Presidencia da Xunta de Galicia.

RECURSO

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela,
O secretario xeral da Presidencia
Álvaro Pérez López

SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA

Complexo Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 283/284 F. +34 981 941 293
secretariaxeral.presidencia@xunta.gal

